


COMO LER UN ENCAIXE

Un ciclo de conferencias impartido por Mariña Regueiro na **FUNDACIÓN**



LUIS SEOANE



30 de **abril** | 25 de **xuño**

unha colaboración de



**FUNDACIÓN
LUIS SEOANE**



UIMP

entrada libre

Falar da historia dos encaixes é falar da historia de Europa e dunha arte que fascinou a homes e mulleres ao longo de cinco séculos, algo se reflectiu en disciplinas como a pintura. O obxectivo deste ciclo é dar a coñecer as particularidades desta técnica téxtil, aínda vixente en Galicia, desde a súa aparición no primeiro cuarto do século XVI ata a o momento presente. Ao longo de cinco sesións, Mariña Regueiro fará un percorrido pola súa historia e amosará como foi saíndo do ámbito doméstico para reinventarse e atopar o seu camiño dentro de coleccións de arte, galerías e museos, transformándose no encaixe contemporáneo.

Datas

Abril

30 | A orixe do encaixe (1520-1620)

Maio

15 | Os encaixes ata a Revolución Francesa (1620-1789)

28 | Do traxe camisa ao Romanticismo (1790-1890)

Xuño

11 | O século XX 1900-1960. O encaixe de Cándida: unha anomalía na historia do encaixe

25 | O encaixe contemporáneo 1918-2025

Mariña Regueiro González-Barros

Licenciada en filoloxía inglesa pola Universidade Complutense de Madrid e directora da Escola de Encaixes de Corme (A Coruña), Mariña Regueiro creou un método contemporáneo para o ensino dos encaixes, cuxa técnica non está regulada en España, establecendo grupos de estudos en diferentes puntos da xeografía española para recuperar encaixes antigos. É autora de varios libros sobre a materia, entre os que destacan *El encaje de Hinojosa. Historia y técnica* (Raíces, 2010), *Os encaixes de Mario* (Deputación de Pontevedra, 2011), *El encaje de Cándida: los encajes en Sevilla en la primera mitad del siglo XX* (Raíces, 2019) e *Encajes y Haikus* (Raíces, 2019).

Horario e lugar das conferencias: 19:30 h. Auditorio da Fundación Luis Seoane